

ANUNCIO

Convocatoria para elección de Xuíz de Paz Titular do Concello de Meira.

Recibido escrito da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, polo que se oficia a este concello a fin de que inicie novo expediente para elexir Xuíz de Paz Titular no prazo de tres meses, tal e como establece o artigo 101.4 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo do poder xudicial, efectúase convocatoria pública co fin de que as persoas interesadas poidan presentar a súa solicitude

CONVOCATORIA

1.- **OBXECTO:** Elección de Xuíz de Paz titular do Concello de Meira.

2.- **CONDICIÓNS LEGAIS QUE DEBEN REUNIR OS SOLICITANTES:**

- Ser español.

- Maior de idade.

- Non estar incurso en algunha das causas de incapacidade que establece o artigo 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

3.- **INCOMPATIBILIDADES:** As causas de incompatibilidade a que se refiren os artigos 389 e seguintes da citada Lei Orgánica do Poder Xudicial, operarán con posterioridade ó nomeamento, mediante opción que efectúen os nomeados. Non constitúen causa de incompatibilidade, a dedicación á docencia ou á investigación xurídica, e o exercicio de actividades profesionais ou mercantís que non impliquen asesoramento xurídico de ningún tipo e que, pola súa natureza, non sexan susceptibles de impedir ou menoscabar a súa imparcialidade ou independencia nin poidan interferir no estricto cumprimento dos deberes xudiciais.

4.- **PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:** **Quince días hábiles** que empezarán a computarse a partir do seguinte ó da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

5.- **DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGARSE COA SOLICITUDE:** A solicitude será facilitada nas Oficinas Municipais, e á mesma achegarase a seguinte documentación:

-Certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do Documento Nacional de Identidade.

- Certificación médica, expedida pola Xefatura Provincial de Sanidade, acreditativa de non estar impedido física ou psíquicamente para o exercicio da función xudicial.

- Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes, e declaración complementaria a que fai referencia o artigo 2 da Lei 68/1980, do 1 de decembro, no seu punto 1.a) referente a “si se encontra inculpado ou procesado”.

- Xustificación dos méritos que, no seu caso, alegue o solicitante.

6.- **LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:** No rexistro deste Concello, en días laborales e en horas de oficina (de luns a venres dende as 9:00 ás 14:00 horas), ou na forma establecida no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrataivo común das administración públicas.

7.-**PROCEDEMENTO:** transcorrido o prazo para a presentación de solicitudes, o Pleno do Concello procederá á elección de xuíz de paz entre as persoas que o soliciten e reúnan as condicións legalmente establecidas.



CONCELLO DE MEIRA
Praza do Concello s/n
27240 Meira (LUGO)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
Mail: concello.de.meira@eidolocal.es

O acordo do Pleno xunto con copia completa do expediente, será remitido á Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para que pola Sala de Goberno do TSXG se proceda ao seu nomeamento

Meira,30 de xaneiro de 2023

O alcalde
Antonio de Dios Álvarez



Cod. Validación: 3TM6HAPLS9ASPNX2WSY6D9RL | Corrección: <https://meira.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2